

17 de Nadal do 1483

Eis a data en que na praza de Mondoñedo foron vilmente aforcados o Mariscal Pardo de Cela e o seu inocente fillo. Todos sabedes, irmans, o significado que tal data ten para Galicia e as consecuencias derivadas de tan tristeiro acontecemento da nosa historia.

Adicade unha lembranza fonda ás vítimas d'aquela data fatídica para o noso pobo e pensade, ollando para o porvir, no que pasou e no que puido pasar se a traición que segou a vida do patriota Mariscal non segase tamén as arelas de liberdade que latexaban no seu xesto xurdio que produce en nós intensa emoción e igual sentimento.

Pardo de Cela é o faro lumioso que alumea o noso andar pol-a Terra Sacra e que hoxe resprandece mais e mais con motivo de se cumprir un novo aniversario da xurdia xornada epopéica galega.

LIÑAS DE LOITO

EN Ortigueira onde residía finou no derradeiro mes o señor Leandro Pita Sánchez Boado conocido pol-a intervención que sempre tivo no probrema agrario galego encol do que tén publicado diversos traballos ademais d'outras materias de interés para Galicia.

Era un bon galego fondamente amante da nosa terra pol-a que ten traballado moito e moi querido pol-os labregos da comarca ortigueirán con quen vivía intimamente.

Lamentamos profundamente a súa morte e acompañamos na dôr á súa distinta familia especialmente ao seu fillo Leandro segredario da Cámara de Comercio cruñesa e bon amigo noso.

Lecturas

AS NOVELAS "LAR"

O FILÓSOFO DE TAMARICA

por XULIÁN MAGARIÑOS NEGREIRA.

EIS o título e nome do autor da noveliña que LAR ven de publicar no seu número 27.

Xulián Magariños. Estamos diante d'un humorista formidabre e de corpo enteiro. Esa foi a impresión que nos causou cando revelouse no «Kalivera 30 H. P.» que tamén LAR deunos a conocer. Agora en «O filósofo de Tamarica» conságrase Magariños como experto escritor e conquiere con xusteza o título de humorista de primeira ringla entre os nosos escritores que a tal modalidade literaria adicanse.

«O filósofo de Tamarica» é un traballo atengado de ouservaciós de fondo e culto humorismo que deixa no curso da súa lectura un intenso sabor a cousa boa, fina, que cautiva. O seu argumento e os paraxes da noveliña, sobre todo alguns que son dun formidabre acerto, tén total-as condicións necesarias para ser un traballo admirabre, admiración que o lector sinte por quen tivo o acerto grande de a escribir.

Magariños tén abertas de par en par as fenestras da literatura que cultiva e olla ao lonxe con ollada segura e firme de quen chegará moi adiante. Os seus primeiros traballos así o aseguran e como él é novo e traballador temos aínda de agardar moito bon do seu raro talento e da súa xa consagrada maestría.

A nosa embora cordialísima pol-o novo e grande éisito conquerido agora e a seguir traballando con tanta xusteza e acerto.

Dr. MOSTEIRO

MÉDICO ODONTÓLOGO

Medicina e Ciruxía da boca

Electricidade :-: Rayos X

A CLINICA DENTAL MAIS COMPRETA
DE GALICIA

SÁNCHEZ BREGUA, 5 - 1.º

A CRUÑA

